

Todos sabemos por qué estamos aquí.

Todos coñecemos como a caixa de aforros de toda a vida na que se tiña aberta unha conta corrente, ou na que estaban gardados os aforros dos nosos avós, dos nosos pais e incluso os nosos, nos ENGANOU.

Non podemos chamalo por outro nome: foi unha ESTAFA.

Só queríamos gardar os nosos aforros, confiábase neles. Nos fixeron creer que os nosos aforros estaban seguros, e que estaban a nosa disposición en calquera momento en que os necesitásemos.

As persoas que traballaban e traballan no banco, e todos os políticos saben perfectamente que NON non somos inversores.

Somos pequenos aforradores que fomos enganados/estafados polo banco, e disto non cabe a mais mínima débida:

- só hai que ver ás persoas afectadas, xente con moi pouco ou con ningún coñecemento do sistema e mercado financeiro
- e que o Banco públicamente recoñeceu o seu erro, a súa mala praxis, a creación de situacións inxustas, ao enganar aos clientes

Se públicamente se recoñece que fomos enganados ¿por qué non hai unha solución?

Os afectados, sabemos quen son os culpables:

- Por un lado a avaricia do banco enganando aos seus clientes de toda a vida, engano que se leva producindo dende hai moísimos anos (dende antes do 2.003) ata os nosos días
- Por outro lado TODAS as forzas políticas que deixaron que os pequenos aforradores foran enganados polas entidades financieras sen facer nada (o goberno por non adoptar as medidas pertinentes, e velar pola defensa dos cidadáns, e a oposición por apoiar có seu silencio ao goberno)
- Todos eles axudados polas demais institucións do estado ao non aplicar os mecanismos de control que tiñan que aplicar

Dende o Goberno de Galicia prometéronnos que nos ían a dar unha solución: o arbitraje, sistema que dudamos que sexa obxectivo, e imparcial.

Pode que funcionara antes das eleccións, ¿pero qué pasa agora?

E dicimos que “pode” que funcionara antes das eleccións porque NON sabemos quen son os culpables. ¿por qué se ocultan os criterios para saber que persoas son as

que deben ir ao arbitraje? Cando non se mostran os datos é que algo se quere ocultar, e a dúbida permite que as conxeturas de todo tipo.

Se nos prometeu unha solución que non chega ¿Qué pasa agora?

¿Qué clase de persoas son os políticos, que prometen e prometen, e cando están no goberno xa non é que non cumplan as súas promesas, senon que fan todo contrario? Iso é un engano, *e debería conlevar consecuencias tanto políticas como penais*, ¿por qué? Porque os políticos están donde están, gracias a todos nos, ao pobo.

Certo que os políticos necesitan tanto duns poucos que teñen poder e cartos, pero ao mesmo tempo necesitan do pobo, para conseguir os votos e as súas maiorías. Pero cando esa balanza se inclina a favor dos cartos e do poder, e permiten

- que o pobo sexa roubado, quitándolles os seus aforros
- cando permiten que os voten das súas casas onde viven, e os deixan na rúa
- Cando permiten que o pobo se quede sen nada

Algo non funciona, e mesmo me atrevería a dicir que están provocando unha situación moi perigosa

Porque volvo a repetir: os políticos están onde están grazas a todos nos. E nos deben o seu lugar e o seu cargo. Están xestinando os cartos públicos, que son os nosos cartos, e como tal débennos todas as explicacións que lle sexan exisidas.

Sen esquecer que deben actuar segundo os criterios de transparencia e obxetividade

¿Pero qué fan?

Nas mans dos políticos está a nosa solución: que nos devolvan os cartos que obtiveron con malas prácticas e con engano, ¿pero o están facendo?

En lugar de devolver os cartos aos cidadáns e aos pequenos aforradores, prefíren “rescatar” o sistema financeiro.

Deste modo os enganados e estafados por Novagalicia Banco teñen que rescatar os sistema financeiro dúas veces: unha cós seus impostos e outra cós seus aforros que non lles devolven

Pero ¿por qué hai cartos para unha entidade financeira que é unha entidade privada con ánimo de lucro, e non para o pobo?

Cando todo ía ben, ningunha entidade financeira repartiu os beneficios entre os seus clientes, todo o contrario: mesmo foron negligentes na súa actuación, pero

agora que están en bancarrota ¿por qué teño eu, cos meus aforros, axudar a rescatar os sistema financiero?

Asumen algunha responsabilidade política e penal os malos xestores, as institucións que tiñan que vixiar os sistema financiero e os políticos que permitiron a mala xestión

Todos tranquilos, que aquí non pasa nada. Que o pobo pase fame dá igual mentras os seus bolsillos estén cheos cós cartos roubados.

Como pode ser que o goberno permita unha amnistía fiscal, se permitan que altos cargos blanqueen os cartos obtidos de modo dudoso (por non dicir ilegal), pero non se dea unha solución aos pequenos aforros de miles de persoas que conseguiron có seu traballo e moito esforzo

¿en que país vivimos?

Sinto vergoña dos políticos que me están representando

Sinto vergoña ao ver como a clase política protexe aos grandes estafadores, e non fai nada polo pobo

Sinto vergoña de ver como a clase política pide esforzos e sacrificios, mentres eles malgastan os nosos cartos: os cartos públicos

¡Queremos unha solución para as participacións preferentes e as obrigacións subordinadas XA!! E se non son capaces ou non saben VAIANSE

Están donde están para velar polos intereses dos cidadanos, están ahí para NON permitir que se enganen aos seus veciños

Queremos os nosos aforros, e NON vamos parar ata conseguilo.

EXISIMOS que os políticos cumbran coas súas promesas, e se non poden que dimitan antes de votalos: non queremos mentirosos.